



Concello de Bueu

PROGRAMA CONCILIA BUEU 2026

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece no seu artigo 25.2.l) que é competencia municipal a “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Así mesmo, o artigo 25.2.m) indica que é competencia municipal a “promoción da cultura e equipamentos culturais”. Máis concretamente, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, fai fincapé na necesidade de levar a cabo políticas e actividades que permitan garantir a conciliación laboral e familiar das persoas.

O Concello de Bueu é consciente da necesidade que existe de que dende as administracións se habiliten os mecanismos e iniciativas necesarias para que durante a tempada estival os nenos e nenas de entre 3 e 12 anos conten con alternativas de ocio adaptadas ás circunstancias actuais, o que reverterá na conciliación laboral e familiar.

O Concello de Bueu pon en marcha o PROGRAMA ‘CONCILIA BUEU’, no que se proporán durante as mañás do período de vacacións escolares diversas actividades para a cativada. É necesario poder ofertar un recurso de conciliación para as familias e de educación non formal para o tempo de lecer, dun espazo de ocio favorable para as súas emocións e sentimentos. Fomentando a coeducación, ferramenta indispensable para a consecución dunha sociedade igualitaria. Así, a oferta comprenderá actividades para desenvolver en diversos espazos. Ademais promoveranse valores de igualdade na infancia.

1. OBXECTO.

Organizar un programa de conciliación familiar e convocar a adxudicación das prazas ofertadas no programa Concilia Bueu 2026.

Este servizo desenvolverase sobre a base dun proxecto lúdico-formativo que empregará o xogo como fío condutor das actividades que terán, a súa vez, un carácter recreativo, deportivo, de convivencia e sociocultural. Ademais, a perspectiva de xénero, a igualdade e a corresponsabilidade deberán ser principios reitores na programación, execución, participación e desenvolvemento das mesmas, de xeito que deberá promoverse a igualdade de xénero e de oportunidades, a corresponsabilidade, así como os valores sociais nas actividades a desenvolver. Así mesmo, deberá de incidirse na concienciación ambiental das persoas participantes mediante actividades como obradoiros de igualdade, cociña, xoguetes igualitarios e reciclaxe, corresponsabilidade, saídas/ visitas pola contorna para coñecer os recursos culturais, naturais e ambientais dos que dispón o concello.

2. OBXECTIVO

Proporcionar un recurso de conciliación para as familias e de educación non formal para o tempo de lecer dos nenos e nenas que lles permita beneficiarse dun espazo de ocio favorable para as súas emocións e sentimentos.

Posibilitar a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como asegurar o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas.



Concello de Bueu

3. PROCEDEMENTO DE PARTICIPACIÓN:

O número total de prazas ofertadas para este programa é de 120 para cada quenda, distribuídas do seguinte xeito:

- 110 prazas serán adxudicadas polo procedemento xeral.
- 10 prazas serán adxudicadas polo procedemento específico: reservaranse para menores en situación ou risco de exclusión social.

4. REQUISITOS PARA SER ADXUDICATARIA/O

Nenas e nenos nados entre os anos 2014 e 2022, ambos inclusive.

5. PARTICIPACIÓN POLO PROCEDEMENTO XERAL

As solicitudes seguirán a seguinte orde de adxudicación:

1. As nenas e nenos que xustifiquen empadramento en Bueu dun mínimo de 3 meses. Ditas prazas adxudicaranse segundo a orde de puntuación obtida pola aplicación do baremo que figura no ANEXO II.
2. De existiren prazas vacantes poderán optar a estas nenas e nenos empadroados noutros concellos.

No caso de empate prevalecerá a orde de presentación de solicitudes.

6. PARTICIPACIÓN POLO PROCEDEMENTO ESPECÍFICO

10 prazas de reserva en cada quenda para menores en situación ou risco de exclusión social empadroados no Concello de Bueu. As persoas destinatarias destas prazas serán menores do Concello de Bueu usuarias dos servizos sociais como participantes nalgún dos programas e servizos básicos relacionados no artigo 9 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

7. SOLICITUDES:

- As persoas interesadas deberán achegar a seguinte documentación:
- ANEXO I, relativo á solicitude de participación.
- Xustificante de empadramento, no caso de non permitir a consulta.
- Fotocopia da tarxeta demandante de emprego, no caso de estar nesta circunstancia.
- Fotocopia do libro de familia, ou outro documento que acredite esta información.
- Certificado/Xustificante de empresa o da Seguridade Social con data de maio ou xuño de 2026, no caso de estar en situación laboral activa.
- Fotocopia do libro de familia numerosa, no caso de estar nesta circunstancia.
- Fotocopia do certificado de monoparentalidade, no caso de estar nesta circunstancia.

8. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Poderanse presentar as solicitudes presencialmente ou ben mediante a Sede Electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>)



Concello de Bueu

- O prazo de presentación de solicitudes é dende o 28 de maio ao 8 de xuño de 2026, ambos inclusive.

9. CALENDARIO.

O programa desenvólvese entre o 22 de xuño ao 4 de setembro de 2026. Distribuído nas seguintes quendas:

- 1º quenda: do 22 ao 26 de xuño de 2026
- 2º quenda: do 29 de xuño ao 17 de xullo de 2026
- 3º quenda: do 20 ao 31 de xullo de 2026
- 4º quenda: do 3 ao 14 de agosto de 2026
- 5º quenda: do 17 ao 28 de agosto de 2026
- 6º quenda: do 31 de agosto ao 4 de setembro de 2026

O horario do programa será de 9.30 h a 13.30 h, coa posibilidade de solicitar horario ampliado desde as 8.00 h ata as 15.00 h.

7. INTERPRETACIÓN DAS BASES.

Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases serán resoltas polo departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Bueu.

8. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

En cumprimento co establecido na normativa de Protección de Datos de Carácter persoal, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Bueu, coa finalidade de levar a cabo a súa tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, enviando un correo electrónico a benestarsocial@concellodebueu.gal.



Concello de Bueu

ANEXO I. SOLICITUDE DE PRE-INSCRICIÓN CONCILIA BUEU 2026

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
D./Dna.			TELÉFONO	
DNI	ENDEREZO			
C.P.	LOCALIDADE		PROVINCIA	
ENDEREZO ELECTRÓNICO				

DATOS DA/S NENA/S OU NENO/S		
NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO	NECESIDADES ESPECIAIS
MUNICIPIO DE EMPADROAMENTO		
MES QUE SOLICITA	<input type="checkbox"/> 24-26 DE XUÑO	
	<input type="checkbox"/> 29 DE XUÑO – 17 DE XULLO	
	<input type="checkbox"/> 20- 31 DE XULLO	
	<input type="checkbox"/> 3-14 DE AGOSTO	
	<input type="checkbox"/> 17- 28 DE AGOSTO	
	<input type="checkbox"/> 31 DE AGOSTO- 4 DE SETEMBRO	
SERVIZOS QUE SOLICITA	<input type="checkbox"/> MADRUGA (8.00 – 9.30H)	<input type="checkbox"/> RECOLLIDA TARDÍA (14.00 – 15.00H)
		<input type="checkbox"/> COMEDOR (13.30-15.00 H)*

* O servizo de comedor tan só se poderá levar a cabo de xuntarse un número mínimo de solicitudes de comensais diarios e se pagará directamente á empresa de catering con antelación á prestación do servizo, cun custe de 5,5 €/día.

AUTORIZO Á CONSULTA DOS DATOS DO PADRÓN MUNICIPAL DAS PERSOAS INTERESADAS

- SI*
 NON

*En caso afirmativo, non sería preciso presentar xustificante de empadramento



Concello de Bueu

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

Familia monoparental

Familia numerosa

SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

Situación laboral en activo

Nai

Pai

Titor

Titora

Situación de busca activa de emprego

Nai

Pai

Titor

Titora

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR:

- Xustificante de empadramento, se procede.
- Certificado de monoparentalidade, se procede.
- Libro de familia numerosa, se procede.
- Tarxeta de demandante de emprego.
- Libro de familia.
- Certificado/xustificante de empresa con data do presente mes.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que son certos os datos consignados na presente solicitude e nos documentos que se xuntan e comprométome a cumprilas normas de funcionamento de dito Servizo.

Que autorizo a que se realicen as verificacións e as consultas a ficheiros públicos, necesarias para cotexar os datos declarados cos que figuren en poder das distintas administracións públicas competentes.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Concello de Bueu.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos do expediente.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Concello de Bueu

	datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica do Concello de Bueu ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Bueu

Actualización normativa: no caso de existiren referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

Sinatura:

Bueu, a ____ de _____ de 2026



Concello de Bueu

ANEXO II. BAREMO

1º.- SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

- Familia monoparental.....20 puntos
- Familia numerosa.....5 puntos

2º.- SITUACIÓN LABORAL FAMILIAR

- Situación laboral en activo
 - Nai.....20 puntos
 - Pai.....20 puntos
 - Titor/a.....20 puntos

- Situación de busca activa de emprego
 - Nai.....5 puntos
 - Pai.....5 puntos
 - Titor/a.....5 puntos